

PAVANA DE NADAL

Lema: Clara Schumann

Camiño

No fogar os tempos non son bos
—pobreza do século XXI—.
Lembro outros anos con plumaxe lustrosa,
co calor de máis xente sentada na mesa,
manxares cuxo sabor non podo recordar.
Agasallos enchían os recunchos da morada
e unha árbore lucía plena no centro do salón.
Os anos pasan e o tempo non perdoa.
Agora a casa está baleira e ule a vello,
os manteis gardan po nalgún caixón
e a calefacción converteuse nunha manta roída polos anos.
Fiel compañeira baixo a que agocho lembranzas,
cancións, conversas, sorrisos.
Realidades inmateriais dunha época perecedoira.

Saio á rúa e non neva
—as cousas mudaron tamén para o planeta—.
Luces de neon asolagan a vista dos viandantes
mentres os tímpanos enxordecen polo ruído do Nadal,
un Nadal ao que xa non recoñezo.
Es ti?
Tendas, diñeiro, compras.
Tendas, diñeiro, compras,
nun bucle infinito.

Persoas que deambulan cun ritmo frenético
sen saber o destino nin o camiño de volta,
sen mirarse aos ollos,
sen coñecerse.
Familias que se desfán coma crebacabezas irreconciliables,
netos que non falan cos seus avós,
pantallas convertidas no primeiro foco de atención.
E mentres,
a miña alma errante non atopa ningunha mirada amiga.
Camiño paseniño coma unha pantasma
preguntándome que ocorre,
por que o mundo parece estar invertido.

Mais só tento ver corpos xeándose na beirarrúa
sobre uns cartóns mollados.
Os afortunados descansan sobre a calor do corpo dun can
ou ao abrigo dun caixeiro que abre pola noite.
Canto tardarei en chegar aí,
e de estalo,
que terei perdido realmente?

Baixo as estrelas de decembro
o mundo parece tinguirse doutra atmosfera.
Quizais máis cálida, quizais máis triste.
Nos anuncios de turrón e bombóns
envexamos almas cheas de amor.
Nas casas túas e miñas
os salóns baleiros caen nunha soidade tan tremenda
que doe.
Doe ata queimar a pel.

Caio na conta da desesperación
e entro na ermida da infancia

nun acto regresivo de autocompaixón.
Aos vellos gústanos revivir os costumes de nenos.
Alí sentada paso menos frío e observo.
Observar é a vida que agora teño.
Reflexionar, pensar, vagar é todo o que me queda.
Entón trato de descubrir
por que o Nadal era a época máis feliz do ano
cando era meniña.
As ceas eran humildes,
na casa non había cartos.
Dos mellores agasallos
un barco en casca de noz
e algunha caixa de polvoróns
das que hoxe caducarían na despensa.

Porén o meu corazón latexa con intensidade
—quizais paixón, quizais taquicardia—
ao lembrar as conversas da mesa.
Os reencontros dos que vivían lonxe.
Os primeiros pasos dos pequenos.
As apertas dos maiores.
Todo foi desaparecendo devagar
coma a néboa do río.
E ao final todo apuntaba á mesma historia
que contaba a miña nai:

San Bonifacio e a primeira árbore de Nadal
decorada con mazás e velas.
Que ocorre se rompemos unha bola de cristal
das que decoran a nosa árbore? Está baleira.
A mazá humilde mostra unha faciana vulgar
pero garda no seu interior o alimento da vida.

Abrigo pobre agochando néctar.
As velas dan luz á nosa escuridade
—a escuridade dos que non temos nada
é a mesma escuridade dos que queren telo todo—.
Unha estrela guía o noso vieiro.

Abandono o banco da igrexa
e escorrego os meus pés polo chan.
Vello coñecido.
Entón atopo o que levaba buscando todo o día.
Nun recuncho quente loce pletórico o Belén.
Aló,
coma nun *flashback* de película,
todo regresa a min.
As mans dos meus irmáns xunto ás miñas
fabricando pequenas figuriñas de barro,
recollendo o musgo dos campos,
aforrando para comprar as pinturas.
Actos de unión, de amor, de familia.
Actos arredor dun Belén.

Construíramos o noso pequeno mundo
e sentiámonos así responsables de algo moi grande.
Unha representación teatral do máis puro e inocente.
Era máxico, era noso e era para todos.
Era Nadal e era Begonte.